

SAN SADURNIÑO.- MAYO 1976

ASI FOI

Non estaba todo o pobo, pero sí gran parte del. Polo menos xa se ganou algo: a xente responde á chamada, fálase abertamente e danse opinións. Esto é cousa nova. Antes nin iso.
Tamén se soubo outra cousa importante: a xente ve a necesidade dun local. Sábese que se vai contar coa animación xeneral.
Se esto se logra nun comenzo, ¿parástesvos a pensar na fermosura dun pobo vivo, no agradable que resulta a comunicación amistosa da xente, primeiro loitando pola feitura do Fogar, e logo convivindo nil?. ¿Haberá algo que día tanto gozo como o ver a un pobo sentíndose unha familia grande?. ¿Acordádevos de cando tíñamos o cine?. ¿Das obras de teatro que se facían nun local axeitado?. ¿Dos bailes de fin de ano, antroido, San Xosé, e outros? ¿Quén non recorda todo esto cheo de xente?. ¿Porqué non volvemos por todo iso?.
O camiño xa está aberto. Sigamos pra diante.



Xoselín

TEREMOS FESTAS

A xunta Parroquial decidiu encargarse de facer as tres festas que se viñan celebrando estes últimos anos: Sta. Isabel, Santiago en Silvalonga, e San Cristobo. Pénsase volver o' que se fixo sempre: pedir a colaboración de todos pois tres. Sempre se pediu à toda a Parroquia, uns fai uns dous anos en que os de Santiago amañáronse solos. Pra Sta. Isabel xa está contratada a orquesta TREBOL e queremos traer tamén unha BANDA pro sábado. Pero as cousas pónense polas nubes. A orquesta fan dous dias conta cen mil pesetas. - Daíse conta de todo



. hai raidot e raidot
. hai palaor e palaor
. hai sorrisot e sorrisot
. hai ...
. hai ...
. hai mullen e mullet
. hai houet e houet

Hai fersoat
ou non hai fersoat

XUÑTA PARROQUIAL

Anque xa é sabido de todos, queremos deixar constancia en PUMARIÑO da reunión que se celebrou o domingo 16 de maio. Houbo moita xente. Falouse de novo sobor do Fogar Parroquial. Despóis fíxose a votación pra - elexir a Xunta Parroquial. Fíxose por barrios. Os elexidos foron estes:

- Pepe de Caneiro e Luis de Curro, por Silvalonga e o Alveiro.
- Evaristo de Varela e Victor Manuel, polos barrios de Piñeiros, Coruxa, Gunduriz, Pernuda.
- Anxel Vilariño e Evangelino de Prieto, por Cornido.
- Alfonso de Castro (ofreceuse el), por Raña, Feás, Veiga, Vidueda, Fraga.
- Avelino Cinza e Manolito de Rico, por Outeiro.
- Germán García e Antonio Parra,por Corrás, Prospes e Rubiña.
- Andrés Rodríguez e Martín Sanjurjo, polo centro, o Casal, Feira e Agra.

Evaristo de Varela dixo que non podía aceptar,anque apoiaría as cousas no que el puidera pra que foran pra diante.

O día 19 celebrouse a primeira reunión da Xunta. Tratáronse fundamentalmente duas cousas: elección - dos cargos e o problema das festas da Parroquia, do que xa se falou antes.

Feita a votación deu este resultado:

- Presidente, Antonio Parra.
- Vicepresidente, Luis de Curro.
- Secretario, Ramón Díaz Raña.
- Tesorero, Martín Sanjurjo.

Varios membros da Xunta foron a entrevistarse coa Xunta Parroquial de Canido (Ferrol), que como xa moitos sabedes, fixeron un albergue na praia de Esmelle valorado hoxe nunhos catro millóns de pesetas, además de outras cousas que teñen feitas. A conversación que durou hastra as doce e media da noite resultou moi interesante.

Neste mes teráse unha entrevista co Sr.Obispo,quen xa está invitado pra vir aquí a falar coa Xunta.

Ainda que non se vexa fume, sigue habendo lume.

¿QUÉ É GALICIA?

Estes últimos anos estamos asistindo a unha preocupación cada día máis grande por Galicia e polo que Galicia representa para todos nós. Pero ¿qué é Galicia?. Intentaremos contestar a esta pregunta por medio de unhas cuantas definicións.

Galicia é unha comunidade estabel, cun territorio propio, unha economía, cultura e idioma propios, e ten unha concencia de pobo diferenciado.

En prósimos números de PUMARIÑO iremos vendo con máis vagar cada un destes rasgos diferenciás. Hoxe imolos analizar moi por enriba, tentando de probar a afirmación que facemos ó final.

UN TERRITORIO PROPIO

Galicia ten Xeográficamente Galicia é moi diferente de Cataluña, do Pais Vasco, de Castela, de Andalucía, etc. Taméa é moi diferente o clima, asi como a flora (conxunto de herbas, plantas, frutos e vexetación en xeneral) e a fauna (conxunto de animás) que podemos ver en Galicia ou fora dela. Todo isto lévanos a pensar que Galicia ten un territorio propio.

UNHA ECONOMIA PROPIA

Galicia ten

Diferénciase tanto nos recursos económicos como na maneira de aproveitalos. Asi vemos como a nosa economía básase fundamentalmente na pesca, na agricultura e na gandeiría.

A agricultura está orientada ao mainzo e ás patacas fronte ao trigo en Castela ou ás hortas en Valencia. Tamén se diferencia en canto á forma de producción, pois namentras aquí se da en terras pequenas,

en Castela, na Mancha ou Andalucía temos fincas de miles de ferrados cada unha.

A gandeiría en Galicia é fundamentalmente vacuno, frente á importancia que en Castela poden ter as ovellas, etc. Además aquí está recollido en cortes pequenas ou en granxas, e aprovéitase fundamentalmente para leite e cría. Por Andalucía e por Castela está vivindo a maior parte do ano fora e aprovéitase mais que nada para carne (e incruso hai gandeirías especializadas en bois bravos para o toreo).

UNHA CULTURA PROPIA

Galicia ten unha cultura de seu. Cultura é a maneira que ten o home de situarse no ambiente en que vive, e a sua misión do mundo e da vida. E'a resposta que da o home ás suas necesidades básicas e que se manifesta a través das suas institucións, das suas ferramentas de traballo, dos seus sentimentos, do seu idioma, da sua literatura, etc.

Se comparamos por exemplo un arado, un carro do pais, un hórreo, etc. con outros de fora de Galicia fácilmente notaremos a diferencia. O mismo coas festas, cos traxes típicos, coa música tradicional (gaita, pandeiro, zanfona e outro) que responden a unha maneira particular de ver a vida.

Outro dato que nos proba a diferencia cultural de Galicia é que namentras en Castela o municipio é a unidade básica de convivencia, aquí en Galicia é a Parroquia. Unha boa proba de iso é que cando calquera lle preguntan de dónde é, respostará que é de Lamas, de Narahio ou de Ferreira, máis nunca que é do

Axuntamento de San Sadurniño. Iso é porque os galegos teñen a parroquia como maneira de orgaizarse para a - sua convivencia colectiva, frente ao municipio fora - de Galicia.

Todo isto próbanos tamén o caracter diferenciador da cultura galega frente a outras culturas que non son galegas.

Galicia ten UN IDIOMA PROPIO

Isto é unha das cousas que máis claramente podemos ver. Galicia ten un idioma propio, o galego, falado - ainda polo 80 % da población galega a pesares de que dende fai 500 anos están tratando de que o galego morra frente ao castelán. Se en tanto tempo non morreu é porque responde ás necesidades do pobo e sírvelle perfectamente como xeito de comunicación e de espre-- sión.

Algúns aínda din que o galego é un dialecto do castelán. Isto non é certo. Está centíficamente demostrado que o galego é un idioma. Formouse a partir do latín ao igoal que o catalán, o castelán, o francés, o italiano, etc. de todos eles é irmao.

Se lidos hasta aquí
lê tamén a páxina
seguinte,
e rapira canto saber.

Despois do que dixemos
nas páxinas anteriores

AFIRMAMOS

Todo país que ten unha
cultura propia, un territo-
rio propio, unha economía
propia, un idioma propio
e unha conciencia de pobo
diferenciado,
é unha nación.

Galicia ten todo iso.
Polo tanto
Galicia é unha
nación.

O Xacobe



se seguirmos assi
mal vou ir os coisas,
porque vou se fazendo rogativas
pra que chova,
e os discursos fazem chover
pedras.

Remendos pra nosa historia

Fai moitos millons de anos que empezaron a xurdir por primeira vez algunhas terras por riba das augas; os bloques que estaban sumerxidos deron en moverse e tropezaron. Esta época deu en chamarse Era Primaria. Foi niste intre cando apareceren as terras de Galicia e as formas primeiras de vida.

Deixaron logo de deslizarse os bloques que, en - troques, baixaban e o mare penetraba niles ou se erguían e o mare se retiraba. Chamouse ésta a Era Se-- cundaria.

Outra volta os bloques deron en arrempuxarse e chacaron. As terras que afondaran tiñan depósitos marinos brandos e dobráronse. Pero as vellas terras primarias galegas endurecidas crebáronse e polas - fendas brotou o magma dos adentros da terra e o granito que formou as penas que nos arrodean. Ista Era foi a dos xigantescos animás e chamouse Terciaria.

E chegamos a fai un millón setecentos mil anos. As terras deixaron de moverse; os grandes animás - desaparesceron e deu en verse un estrano animal que sentía, pensaba e falaba: o home.

Non sei si o primeiro home de San Sadurniño apareseeu xa entón. Diríanolo as Penas da Fraga si falaran. O que sabemos é que fai moitos miles de anos xa había homes equí. Pero... ¿cómo eran?, ¿Cál foi a sua historia ó longo dos séculos, cómo viviron, - cómo se gobernaron, en qué creían, qué lingoa falaban?. De algo disto nos ocuparemos nestes pequenos REMENDOS cos que pretendemos escomenzar a coser a

→ historia dos que vivíron primeiro que nós nesta terra.

Margarida



O home que non sabe porqué a balanza é un símbolo da xusticia.



—¿E se foses moza, gostaríache andar de «señorita»?
—As pobres non podemos andar tan enoxiras.

A pola de Silva longa

Está ahí soia, Morta de risa ou de pena. Non sei

Moitos ben sabedes que o edificio foi feito coa axuda en cartos e suores da xente dos barrios do - Albeiro, Silvalonga, Piñeiros e Curuxa. Os veciños destes barrios son os únicos donos.

Penso que esto está craro.

Pero, ó non facerse escola agora nese edificio, penso que debíamos discurrir a maneira de que nos valera pra algo.

Non sei de qué xeito se podería aproveitar. Poida que haxa moitas formas. Calquera sería millor ca que temos agora.

A min ocurríronseme varias cousas, pero o que - vexo quizáis máis facil e millor seña o dedicar o local pra unha cooperativa de consumo, coa que se podería beneficiar á toda a parroquia, xa que desa maneira poderían comprarse moitos productos a un - precio máis amañado.

Poida que algún esteña pensando que eso é pouco menos que unha cousa do outro mundo. Eu non penso asi. Hai cousas que non son tan difíciles como nos as fan ver. O máis dificil é poñerse a elas, - empezar, facer algo, moverse; xa veredes cómo o camiño se fai ó andar.

Pero hai que dar o primeiro paso: querer.

Quizaves algún ten outra idea interesante con relación ó da escola. Hai que decila, pra que nos enteremos todos y poidamos facer algo. Non vaia a ser que, como pasa tantas veces, unhos por outros a casa por barrer.

Faigamos algo con ela. Non a deixemos caer; que ademáis da perda, é unha vergonza.

Luis

★ La promoción profesional, cultural y social de los agricultores gallegos es el objetivo de la asociación agraria de ámbito gallego, cuyos estatutos han sido presentados en el Gobierno Civil de la provincia de La Coruña. Esta entidad dice tener como misión contribuir al desarrollo del campo y prestigiar la profesión del labrador.

MELCHORIÑO

Melchoriño era un rapaz que contaba dezaoito abriles. Non era moi bon mozo que digamos. Parecía algo parvo e, además de ser un pouco cabezón, lucía duas espullas no fuciño. Tiña tamén metido no miolo o irse prá América. Soñaba con ganar moitos cartos.

- " E logo, ¿cándo te vas prá América, Melchoriño?. ¿En qué vas traguer o ouro?. ¡Cando chegues alí vas axotar ós nativos!."

Estas e outras bulras dos veciños e 'amigos' ferían día tras día o ánimo de Melchoriño.

Un ano, ó outro día da festa do pobo, desapareceu o bon do rapaz. Naide o volveu a ver hastra - que pasados nove días apareceu o seu corpo na praia.

Foi entón cando algúns dos que se adivirtiron - tanto o día da festa asoballando a Melchoriño co - conto do ouro, das espullas e de todo o que se lles ocurriu, déronse conta do que conseguiran, pero ninguén mentou a naide algo disto.

No pobo todos se sentiron culpables daquela morte. Algún comenzou a ter algo de xuicio dende aquelo. A mín tamén me deu abondo que cavilar. Parece - como si nos fixera falla algunha moña pra poder rir. Pero probe do que lle toque representar o papel de moña por ser máis debil cos demáis. Estoutro día - contáronme o que fixeran unhos cativos cando iban da escola prá casa. Deume pena e pensei que Xavier podía chegar a ser irmao de Melchoriño. Deus quira que non.

Pero pensei tamén que xa dende cativos hai xente que mesmo parece ter un corazón de ferro. E seguín cavilando que herdamos as terras, pero tamén o sangue. E además de todo iso, pensei que os homes facémonos malos uns ós outros; amargámonos a vida e estrullamos ós demáis.

Claro que non todos son asi.

E máis vale.

FRAMAL

Outra boa idea

Hai un grupo de rapaces que se están empeñando en levar pra diante unha idea que xa fai tempo que anda bulindo na cabeza dalgún. Trátase de facer no claustro do convento (hoxe axuntamento e casa rectoral) unha especie de teatro ó aire libre. Queren rebaixar o que estaba dedicado a xardín, facer un escenario nunha das esquinas e poñer asientos en todo o chao. A cousa vai quedar ben. Pensan telo axeitado pros meses do vran. E queren invitar a grupos de teatro pra que veñan representar eiquí algunhas pezas teatrales, traguer cantantes de sona pra dar recitales, preparar algunhas mesas redondas sobre temas que nos interesan, invitar a grupos de coros e danzas...

Esto queren bautizalo co nome de AS NOITES EN SAN SADURNIÑO.

Será cousa moi orixinal. En toda a volta non se verá nada semellante. A ilusión dunhos rapaces novos vale máis que todo o ouro do mundo. E se non xa se verá.

Teñen a seguridá de que vai chover pouco; por eso non lles preocupa o que seña ó descuberto.

agora xa non sabe un qué facer pra distinguir os cativos dos cativas. Vese cada cousa...

Canção da Sexta-feira

O céu está azul, é o azul do dia.
Ingênua de luz da noite,
é o branco da luz que nasce.
No pomar, quietude e silêncio.
A gente ainda dorme.
É muito cedo, eu vou acordar,
abro a janela, e digo que
quero beber o perfume da noite;
quero ver o brilho da alma
e o espírito de nosso dia.
Sexta-feira! que formoso!
Digo falar o rio no fundo
da confiança; o vento
pode a beijar na mansidão da tarde;
um cão ladra de medo
e um galo desperta adormecido
a todo o galinheiro.
Um ulir frequente
sobe do chão e flores.
Ai meu amigo! que bom que a tua queda
não pode o matar de vez
que é nossa Sexta-feira.

Vanda

PRIMEIRAS COMUNIONS

Tomás García
Lourdes Melvar
Fé M. Dopico
Mª Cruz López
Antonio Rguez.
Pablo Santos
Javier López
Fco Mel Gil
Manuela González
Fco Martínez

COMUNION. . . . . .

Cando escoito con amor as mágoas dun velliño ou enxoito garimoso as bágoas dun picariño que chora. . . . . .

Cando son quen pra sorrirme con ledicia pra alguén que trunfa na vida con xusticia, ou medra nas suas ganas de facer o ben á Humanidade. . . . .

Cando acollo sin xenreira ao que me ten feita algunha xogada, ou son valente dabondo pra espallar perdón prós meus nemigos . . . . . .

Cando son o primeiro en aparecer pra botar unha man na miseria, nun acidente, na enfermedade.

Cando son ese home ou esa muller que loita sempre por facer un barrio mellor, unha escola mellor, unha sanidade mellor, unha política mellor, unha sociedade máis humán e xusta . . . . .

Cando respeto o pensamento do outro, as creencias do outro, as ideias do outro, a persoa do outro . . . . . .

Cando me sinto unido con todos os homes e mulleres de ben, e con corazón limpo loito polos dereitos do home, e do neno, é do débil, ...

Cando sigo a Cristo resucitado, escoitando e meditando o seu mensaxe, escollendo pra mín e pra miña Comunidade, un estilo de vida como o de El, na caridade, na ledicia, na fe . . . . . .

Cando humildoso alongo a miña man de necesitado pra recibir o CORPO E SANGUE do Noso Señor, e digo de verdade un Amén comprometido como fillo de Deus e hirmán de todos . . .

. . . . . ,daquela estou de verdade facendo COMUNION

1.976

- San Sadurniño está ardendo.
¡ Vinde bombeiros a apagalo !.
Por todas as xuntas sae fume,
xa non hai xeito de paralo.

- Prendeu o lume nos palleiros,
van a arder hastra as casas,
e os mesmos homes por dentro
levan o lume nas almas.

. . . . . .

¡ San Sadurniño !
precisabas lume,
e agora telo:
Arde o Castro e arde o Alveiro,
ferve o rio do Inxerto,
no peito de moitos homes
vese hoxe lume aberto.

Todos levan lume por dentro.
Cando dous se xuntan
xa non se fala do tempo;
danse lume de camiño
e falan e parolan
das artimañas e remendos
que lle hai que poñer ó pobo
pra que ainda siga ardendo.

Hastra os arboliños da praza
brincan de contento
estrenando zapatos brancos,
coma nenos pequenos
que sospiran pola festa
para poder lucir os estrenos.

Erguete e medra,
San Sadurniño,
hastra ver se
chegas ó ceo.

ASÍ É A VIDA

Tres cousas che cumpre, Marica,
se os preitos quères gañar:
ter razón, saber de cita
e usar que cha queiran dar.

Por mor de pôr un preito
fun consultar co abogado,
i el ó instante acouselloume:
- Ti pono, que eu sempre gano.

Pixeume preito a un veciño
pola custión dun regueiro;
perder perdín canto tiña
pero amolar amoleiro